

Páxina 123

Exercicio 1

O tempo. É o que nos permite medir a duración os feitos que ocorren e ordenalos. Pódese medir co reloxo e co calendario.

Exercicio 2

• 3 décadas = 30 anos. • 1 milenio = 1.000 anos. • 3 séculos = 300 anos. • 4 lustros = 20 anos.
4 lustros < 3 décadas < 3 séculos < 1 milenio.

Exercicio 3

• XV d.C. = 1401-1500 • II a.C. = 200 a.C.-101 a.C. • XI d.C. = 1101-1200 • VI a.C. = 600 a.C. - 501 a.C.

Páxina 127

Exercicio 1

Os monumentos son construcións que se fixeron noutra época e que teñen valor para a localidade. Un Castelo é un lugar forte, cercado de murallas, fosos e outras fortificacións; un palacio é unha casa luxosa, destinada a residencia dos reis ou persoas importantes; un arco de triunfo conmemora algún acontecemento, etc.

Exercicio 2

A: festa relixiosa. B: festa histórica. C: festa relacionada cos traballos tradicionais.

Exercicio 3

O folclore é o conxunto de expresións culturais dun lugar.

Páxina 133

Exercicio 1

Eran as tribos que recibiran influencia celta e vivían en Galicia antes da chegada dos romanos. Os seus poboados eran os castros, que estaban fortificados e situados en lugares elevados. As casas dos castros adoitaban ser circulares. Os galaicos vivían sobre todo da caza e da gandería, aínda que tamén cultivaban a terra, recollían froitos, pescaban e mariscaban.

Exercicio 2

A correcta é a primeira oración: A romanización foi a adopción da lingua, das leis e dos costumes romanos.

Exercicio 3

De esquerda a dereita: Os primeiros habitantes / Os galaicos / Os romanos.

Páxina 129

Exercicio 1

Prehistoria: vivían en cabanas ou covas; alimentábanse con plantas silvestres, peixes e animais que cazaban; desprazábanse a pé. **Idade Media:** vivían en aldeas situadas arredor dun castelo e en pequenas cidades rodeadas de murallas; alimentábanse da agricultura e da gandaría, aínda que tamén había alimentos procesados; desprazábanse a pé, a cabalo ou en carros tirados por animais. **Idade Contemporánea:** vívese en cidades con edificios de varias plantas; alimentámonos de produtos moi variados que chegan desde calquera lugar do planeta; trasladámonos en vehículos (coches, trens, avións...).

Exercicio 2

O castelo conservouse desde a Idade Media ata a Idade Contemporánea.

Exercicio 3

- A reutilización de envases permite darlles outro uso antes de tiralos ao lixo.
- Reciclar significa utilizar os residuos para elaborar novos produtos.
- Reducir o consumo quere dicir utilizar menos produtos, menos auga e menos enerxía.

Páxina 136

Exercicio 1

- Dez décadas. • Dez séculos. • 2014 anos.

Exercicio 2

- Século I: do ano 1 ao ano 100. • Século V: do ano 401 ao ano 500. • Século XVI: do ano 1501 ao ano 1600. • Século XXI: do ano 2001 ao ano 2100.

Exercicio 7

A. É unha fonte escrita. **B.** É unha fonte material. **C.** É unha fonte gráfica.

Páxina 137

Exercicio 8

A orde será a seguinte:

- C.** Unha pintura do ano 1250 a. C.
- B.** Unha xoia do ano 270 a. C.
- A.** Unha escultura do ano 1132 d. C.
- D.** Unha película do ano 1973 d. C.

Exercicio 9

- Trátase dun castelo. • O castelo era a residencia dos nobres e os reis e servía tamén para protexerse dos ataques inimigos. • Pola solidez dos seus muros e a escaseza de fiestras, podemos deducir que se trataba dun edificio de carácter defensivo, o que indica que naqueles tempos eran frecuentes os enfrontamentos e os ataques.